



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS SETENTA E TRES REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E SEIS DE XUÑO DE DOUS MIL DOCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do vinte e seis de xuño de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Concelleiros/as D. Xosé Luís Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. María Alicia Martínez González, D^a. Lidia Salgueiro Piñeiro, D. José Angel Lodeiro Cancela, D. Gregorio Luís Agís Gómez, D^a. Consuelo Besada Lores, D^a. Celeste Nieto García, D. Angel Moldes Martínez, D. Juan José Rodríguez Grandal, D. Alberto Villaverde Méndez e D. Manuel Domínguez Álvarez; escusa a non asistencia o Concelleiro do Partido Popular D. Javier Domínguez Lino e a Concelleira D^a. M^a del Mar Villaverde Rosales e asiste como secretaria a do Concello, Paula Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3693.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 29 DE MAIO DE 2012 NÚMERO 472.- De conformidade co establecido no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á Corporación da acta realizada en sesión ordinaria o día 29 de maio de 2012 número 472 e non formulándose ningunha observación á acta de referencia esta queda aprobada polo voto favorable dos catorce membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

Neste momento entra no Salón de Sesións o Concelleiro D. Xulio Barreiro Lubián.

3694- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta á Corporación do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: “3678.- INTERVENCIÓN, EXPEDIENTE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 9/2012, MEDIANTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO E CAMBIO DE FINALIDADE REMANENTES DE CRÉDITOS PARA GASTOS CON FINANCIACIÓN AFECTADA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra; 3679.- INTERVENCIÓN, EXPEDIENTE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 10/2012 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra; 3680.- INTERVENCIÓN, EXPEDIENTE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 11/2012 DE CRÉDITO

EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra; 3681.- PATRIMONIO, DESAFECTACIÓN ESCOLA INFANTIL DO PEREIRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Patrimonio, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra; 3682.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA A CREACIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DE MEDIOAMBIENTE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado do expediente ao Departamento de Ambiente; 3683.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E DO PSOE, EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería de Educación; 3684.- URBANISMO, INFORME DE ALEGACIÓNS SOBRE MODIFICACIÓN PUNTUAL NUM. 2 DO PXOM DE SANXENXO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Urbanismo e notificouse ao Concello de Sanxenxo; 3685.- URBANISMO, TRAMITACIÓN INCIDENTE DECLARACIÓN XUDICIAL DA COMPLETA EXECUCIÓN DA SENTENZA REFERINTE A PARCELA 121-BOA VISTA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Urbanismo para os trámites necesarios do expediente; 3686.- URBANISMO, EXP. 105/2011.- DETERMINACIÓN DE CUALIFICACIÓN XURÍDICA DE CAMIÑO EN TARRÍO-SAMIEIRA, D. VICENTE BESADA LORES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Urbanismo e notificouse ao solicitante; 3687.- ESCRITO REMITIDO POLO PRESIDENTE DO APDR EN RELACIÓN Á MARCHA CONTRA CELULOSAS A REALIZAR O VINDEIRO 02 DE XUÑO DE 2012.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra; 3688.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E DO PSOE, EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS ADOPTADAS E QUE AFECTAN Á SANIDADE PÚBLICA E ÁS SÚAS PRESTACIÓNS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ao Ministerio de Sanidade, Consellería de Sanidade, FEGAMP e aos Grupos Parlamentarios do Parlamento Galego; 3689.- ESCRITO DA ASOCIACION POLA DEFENSA DA RIA EN RELACIÓN ÁS FUMIGACIÓNS CON BIOCIDA “CASCAIS” PREVISTAS POLAS CONSELLERÍAS DE MEDIO AMBIENTE E DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra; 3690.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E PSOE, SOBRE O TIPO DE INTERESE DOS PLANS DE AXUSTE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Presidencia do Goberno de España, Ministerio de Economía e Competitividade, Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e aos Grupos Parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados; 3691.- MOCIÓN CONXUNTA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA E POLO GRUPO DO BNG EN RELACIÓNS ÁS FUMIGACIÓNS MEDIANTE MEDIOS AÉREOS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Consellería do Medio Rural e do Mar, FEGAMP e aos Grupos Parlamentarios do Parlamento Galego; 3692.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO NUMERO 4/2012.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de intervención.”. A corporación dáse por enterada.

3695.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos/as concelleiros/as xunto cos demais asuntos que forman parte da orde do día e non formulándose observación ningunha a corporación dáse por enterada do contido das mesmas.

3696.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE POIO, PARA A CESIÓN DE DÚAS VIVENDAS, FINCA E EDIFICACIÓNS ANEXAS NO PROGRAMA DE ERRADICACIÓN DE CHABOLISMO.- Dáse conta á Corporación do

expediente tramitado para a sinatura dun convenio de colaboración entre o IGVS e o Concello de Poio, que ten por obxecto a cesión ao primeiro das dúas vivendas, así como a finca na que se atopan e as edificacións anexas, adquiridas polo Concello de Poio,, coa finalidade de destinarse a problemas de familias en situación de exclusión social que carezan de vivenda. As citadas vivendas figuran inscritas no Rexistro da Propiedade e na Xerencia Territorial do Catastro Inmobiliario a favor deste Concello.

Con data 13 de xuño e 2012 incorpórase ao expediente informe conxunto emitido pola Secretaria e Intervención Municipal.

Consta no expediente ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 18 de xuño de 2012 e que di o que segue: “Dáse conta do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Poio para cesión de dúas vivendas, finca e edificacións anexas no Programa de Erradicación de Chabolismo e do informe conxunto de secretaria-intervención de data 13 de xuño de 2012.

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido do expediente indicando que se trata dunha vivenda de dúas plantas que o Concello de Poio adquiriu para adxudicalos en arrendamento a familias integrantes no programa de erradicación do chabolismo e que, ao non poder ser utilizadas a tal fin, o Concello de Poio cede ao Instituto Galego de Vivenda e Solo a titularidade das citadas vivendas, a finca na que se atopan e as edificacións anexas para o seu posterior emprego a familias en situación de exclusión social que carezan de vivenda.

Trátase do inicio do expediente xa que son bens patrimoniais do Concello de Poio.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 2 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e que se sigan os trámites legais procedentes ”

O Sr. Alcalde manifesta que o Concello adquiriu as vivendas obxecto do convenio para o arrendamento a varias familias dentro do programa de erradicación do chabolismo e que ante o recente desaloxo das mesmas, en virtude de sentenza xudicial, non ten obxecto manter a titularidade das vivendas no termo municipal de Ponte Caldelas, e como xa se fixo anteriormente coas vivendas de Monteporreiro, aínda que nese caso tratouse dunha permuta, estas vivendas xunto co terreo anexo será cedido ao Instituto de Vivenda para que sexan destinadas a familias de baixos recursos, para fins sociais. Tamén temos outra vivenda en Monteporreiro, que tamén se iniciarán os trámites para darlle unha saída similar a esta.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 5 abstencións do PP aproba o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Iniciar os trámites establecidas no artigo 110 do Real decreto legislativo 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Patrimonio deste Concello para a realización dos trámites necesarios e contemplados na lexislación vixente.

3697.- URBANISMO, EXP. 81/12, SOLICITUDE DE REDUCIÓN DA LIÑA DE LÍMITE DE EDIFICACIÓN NA AP9, A ALIÑACIÓN EDIFICATORIA EXISTENTE NA ACTUALIDADE, EN RÚA PEIRAO E PRAZA PEIRAO, SAN SALVADOR.- Dáse conta do expediente número 81/12 tramitado polo Departamento de Urbanismo e dos informes emitidos polo Asesor Xurídico do Concello, Arquitecta Municipal e Secretaria Xeral de data 18 de xuño de 2012 e que din textualmente:

Informe emitido polo Asesor Xurídico de data 12/03/2012: “Visto o expediente tramitado polo Concello de Poio e a memoria e anexos redactada polos Arquitectos Ignacio Hermo Tuñez e José A. Hermo

Tuñez, de decembro de 2011 de solicitude de redución da liña límite de edificación na AP – 9, á aliñación edificatoria existente na actualidade, en rúa Peirao, parroquia de San Salvador, municipio de Poio, así como o disposto na Lei 25/1988, de 29 de xullo, de estradas e no Regulamento aprobado por Real Decreto 1812/1994, de 2 de setembro, teño a ben informa-lo seguinte:

Primeiro: Por escrito de 20 de decembro de 2011, presentado no Concello de Poio o 26 de decembro de 2011, rexistro de entrada 6.930, D. Ignacio Hermo Túñez, Arquitecto designado polo Concello de Poio para tramitar este expediente, comunica ó Concello que entrega unha solicitude de redución da liña límite de edificación na AP – 9, á aliñación edificatoria existente na actualidade no Plan Xeral de Poio aprobado definitivamente o 28 de xullo do 2000, para a súa tramitación, de conformidade co disposto no artigo 85 do Regulamento Xeral de Estradas, aprobado por Real Decreto 1812/1994, de 2 de setembro, coordinando coa Demarcación de Estradas do Estado a fixación da liña límite de edificación que se propón na memoria e anexos entregados no Concello.

Segundo: O documento entregado no Concello o 26 de decembro de 2011, é un expediente, redactado polos técnicos Ignacio Hermo Túñez e José A. Hermo Túñez en decembro do 2011, que se compón dos seguintes documentos:

- Memoria, na que se reflicten tódolos antecedentes que seguiu o Concello de Poio con motivo da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio en rúa Peirao, San Salvador, a cal xa foi informada favorablemente pola Dirección Xeral de Estradas, con data 27 de xullo de 2011, aos efectos de que o pleno do Concello de Poio, poida proceder á aprobación provisional da mesma, sen perxuro de que, o Concello de Poio tramite o expediente a que se refire o artigo 85 do Regulamento da Lei de Estradas, para reducir a liña de edificación, de 50m, á que se fixou e existe na realidade coa aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio no ano 2000.

A tal efecto, reflíctense no expediente redactado polos arquitectos os antecedentes, dende o ano 1884, polos que se acredita a existencia dunha zona de moi antigas edificacións, consolidada e coas características propias dos núcleos urbanos históricos; así como a documentación correspondente aos anos sucesivos, 1905, 1956, 1985 e 1991, así como a aliñación realmente existente coa aprobación do Plan Xeral do ano 2000.

Xúntase como anexos o plano número 17, de aliñacións en solo urbano das normas subsidiarias municipais de 1984, aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo no ano 1985, así como, aliñación a estradas do ano 1985, así como catro planos e o plano número 5 de aliñacións resultantes que se fixan a efectos de liña de edificación na modificación puntual informada xa pola Dirección Xeral de Estradas.

Terceiro.- A Lei 25/1988, de 29 de xullo de Estradas, no seu artigo 25 preceptúa

“Artículo 25. 1. A ambos lados de las carreteras estatales se establece la línea límite de edificación, desde la cual hasta la carretera queda prohibido cualquier tipo de obra de construcción, reconstrucción o ampliación, a excepción de las que resultaren imprescindibles para la conservación y mantenimiento de las construcciones existentes. La línea límite de edificación se sitúa a 50 metros en autopistas, autovías y vías rápidas y a 25 metros en el resto de las carreteras de la arista exterior de la calzada más próxima, medidas horizontalmente a partir de la mencionada arista. Se entiende que la arista exterior de la calzada es el borde exterior de la parte de la carretera destinada a la circulación de vehículos en general.

2. Con carácter general, en las carreteras estatales que discurran total y parcialmente por zonas urbanas el Ministerio de Fomento podrá establecer la línea límite de edificación a una distancia inferior a la fijada en el punto anterior, siempre que lo permita el planeamiento urbanístico correspondiente, con arreglo al procedimiento que reglamentariamente se establezca.

3. Asimismo, el Ministerio de Fomento, previo informe de las Comunidades Autónomas y entidades locales afectadas, podrá, por razones geográficas o socioeconómicas, fijar una línea límite de edificación inferior a la establecida con carácter general, aplicable a determinadas carreteras estatales en zonas o

comarcas perfectamente delimitadas”.

E o Real Decreto 1812/1994, de 2 de Setembro, polo que se aproba o Regulamento de Estradas, establece no seu artigo 85 “Artículo 85 Casos especiales.

1. Con carácter general, en las carreteras estatales que discurran total o parcialmente por zonas urbanas, el Ministerio de Fomento podrá establecer la línea límite de edificación a una distancia inferior a la fijada en el [artículo anterior](#), siempre que lo permita el planeamiento urbanístico correspondiente, con arreglo al procedimiento que reglamentariamente se establezca ([artículo 25.2](#)).

2. Asimismo, el Ministerio de Fomento, previo informe de las Comunidades Autónomas y Entidades locales afectadas, podrá, por razones geográficas o socioeconómicas, fijar una línea límite de edificación inferior a la establecida con carácter general, aplicable a determinadas carreteras estatales en zonas o comarcas perfectamente delimitadas ([artículo 25.3](#)).

4. A efectos de lo previsto en los apartados 1 y 2 del presente artículo, la Dirección General de Carreteras determinará provisionalmente la línea límite de edificación y someterá el correspondiente estudio de delimitación a información pública, por el plazo de treinta días hábiles, que se anunciará en el Boletín Oficial del Estado, a fin de que cualquier persona física o jurídica pueda formular las alegaciones que estime pertinentes.

Simultáneamente, dicha Dirección General remitirá a las Comunidades Autónomas y Entidades locales afectadas, el referido estudio de delimitación, a fin de que, en dicho plazo y un mes más, se manifiesten.

En caso de conformidad, o si las Comunidades Autónomas o las Entidades locales no contestasen en el plazo mencionado, el expediente se elevará al Ministro de Fomento para su resolución definitiva.

En el supuesto de disconformidad, se procederá con arreglo a lo indicado en el [párrafo segundo del apartado 1 del artículo 10 de la Ley de Carreteras](#) y [33 de este Reglamento](#)”.

Por todo isto, se perxuízo dos informes que emitan os técnicos municipais, existindo base legal suficiente, de conformidade co expediente redactado polos Arquitectos Hermo Túñez, pode o pleno do Concello adoptar o correspondente acordo facultando ó Sr. Alcalde para solicitar do Ministerio de Fomento, a través da Dirección General de Carreteras, que se reduza a liña límite de edificacións, en todo o fronte á AP – 9, á aliñación edificatoria existente na actualidade, tal como se indica no expediente e planos confeccionados por ditos técnicos, previa tramitación do expediente a que se refire o artigo 85 do Regulamento Xeral de Estradas.”

Informe emitido pola Arquitecta Municipal: "En relación ao expediente de solicitude do Concello de Poio ante o Ministerio de Fomento de redución da Liña de edificación respecto da AP-9 no solo urbano de Barca, a técnico municipal que subscribe emite o seguinte informe:

ANTECEDENTES:

1. PXOM de Poio foi aprobado definitivamente por acordo plenario na sesión celebrada o 28/06/2000.

2. Consta o informe do Ministerio de Fomento de 27/07/2011 no que se indica que non consta autorizada a redución da liña de edificación respecto da autoestrada AP-9 e que debe de tramitarse un expediente de solicitude de redución da Liña de edificación.

3. Consta o documento técnico de decembro de 2011 redactado por Hermo Túñez arquitectos no que se describen os antecedentes e a proposta de redución da Liña de edificación no contorno da rúa Peirao de Barca.

4. Consta o informe do asesor xurídico de 12/03/2012 no que se conclúe que, previos os informes técnicos municipais, e previa aprobación do Pleno Municipal pode o Alcalde solicitar ante o Ministerio de Fomento - Dirección Xeral de Estradas a redución da Liña de edificación respecto da AP-9 ao aliñamento existente na actualidade

CONSIDERACIÓNS TÉCNICO-XURÍDICAS..

1.- Segundo a documentación técnica que obra no expediente a redución da Liña de edificación

respecto da autoestrada AP-9 refírese ao entorno da rúa Peirao de Barca, no solo urbano de San Salvador.

Preténdese facer coincidir a liña de edificación co aliñamento sinalado no plano de usos pormenorizados do solo urbano de San Salvador. Dita redución sitúa a Liña a unha distancia aproximada de 23m respecto da aresta exterior da explanación da autoestrada, medida sobre o plano 1 documento técnico.

Todo o documento debe de referirse ao ámbito da rúa Peirao e non unicamente ao ámbito que é obxecto de modificación puntual por un erro gráfico existente nos planos do PXOM. Os planos 2, 3 e 4 deben de referirse ao ámbito para o que se solicita a redución da liña de edificación na rúa Peirao de Barca e sinalar a distancia de dita liña á aresta exterior da explanación da autoestrada.

2,- O documento redactado por Ignacio Hermo Túñez titúlase como modificación puntual, cando non se trata dunha modificación puntual do PXOM.

INFORME:

Polo exposto, informo favorablemente a solicitude de redución da liña de edificación si ben previamente deberá de cumprimentarse o seguinte:

- A documentación gráfica do documento debe de referirse ao ámbito da rúa Peirao e non unicamente ao ámbito que é obxecto de modificación puntual por un erro gráfico existente nos planos do PXOM, segundo o indicado na consideración 1 deste informe

- O documento non debe de titularse como modificación puntual xa que a solicitude de redución da Liña de edificación non supón a modificación do PXOM vixente e debe de tramitarse un expediente diferente ao da modificación puntual nº 9, tal e como indicou Dirección Xeral de Estradas no seu informe de 27/07/2011.

- A documentación técnica debe de vir asinada polo seu redactor. ”

Informe emitido polo Asesor Xurídico de data 12/06/2012: “Visto o expediente tramitado polo Concello de Poio e a memoria e anexos redactados polos arquitecto D. José A. o e D. Ignacio Hermo Tuñez, de solicitude de redución da liña de límite de edificación na AP-9 á aliñación edificatoria existente na actualidade, en rúa Peirao e Praza Peirao - San Salvador - Poio, así como o disposto na lei 25/19888, de 29 de xullo de Estradas e no Regulamento aprobado por Real Decreto 1812/1994, de 2 de setembro, teño a ben informa-lo seguinte:

Primeiro: Que con data 12 de marzo de 2012, esta asesoría xa emitiu informe sobre unha proposta dos mesmos arquitectos de decembro 2011 indicando o procedemento a seguir para solicitar do Ministerio de Fomento a redución da liña límite de edificación, **sendo necesario acordo plenario prestando aprobación á proposta, facultando ó Sr. Alcalde para solicitar a nova liña ó Ministerio de Fomento.**

Segundo: Con data 26 de marzo de 2012, a Arquitecto Municipal, emite informe favorable coas correccións que se indican no mesmo, que deberán ser subsanadas polos técnicos redactores; remitíndose ós mesmos dito informe o 27 de marzo de 2012.

Terceiro: Con data 11 de xuño de 2012, o arquitecto D. Ignacio Hermo Tuñez presenta escrito ó que xunta a nova solicitude de redución da liña límite de edificación na AP-9 á aliñación edificatoria existente na actualidade, en rúa Peirao e Praza Peirao - San Salvador - Poio, confeccionada por ditos arquitectos e que se compón de memoria e catro planos, axustándose ó informe emitido pola Arquitecto Municipal o 26 de marzo de 2012.

Por todo iso, sen prexuízo do informe que emita, se procede, a Arquitecto Municipal, respecto da nova proposta de abril de 2012, debe pasarse o expediente ó Pleno do Concello para que adopte o acordo correspondente, previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, aprobando dita proposta e facultándose ó Alcalde para solicitar do Ministerio de Fomento a súa aprobación, a través da Dirección Xeral de Estradas da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia. ”

Informe emitido pola Arquitecto Municipal na data 18/06/2012: "En relación á documentación presentada por Ignacio Hermo Túñez o 11/06/2012, no seo do expediente 81/12, a técnico municipal que subscribe emite o seguinte

INFORME:

O documento de data abril de 2012, emenda os condicionantes indicados no informe técnico de 26/03/2012 (emitido sobre o documento de data decembro de 2011) ao respecto do ámbito da solicitude, o título do documento e a súa sinatura."

Informe emitido pola Secretaria Xeral do Concello do 18/06/2012: " Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal, secretaria do Concello de Poio, de conformidade co establecido no art. 3 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, emito o seguinte **INFORME**

Antecedentes de feito máis destacados.

- Informe da Demarcación de estradas del Estado en Galicia no que se indican os trámites a seguir para reducir a liña límite de edificación á existente na actualidade.
- Proxecto de modificación puntual PXOM en rúa Peirao, San Salvador. Poio. Solicitude de redución da liña límite de edificación na AP-9 á alineación edificatoria existente na actualidade, asinado con data decembro 2011 por Ignacio Hermo Túñez, número rexistro de entrada 6930, para os efectos do establecido no art. 85 do Real Decreto 1812/1994, de 2 de setembro.
- Informe do asesor xurídico da corporación de 12 de marzo de 2012.
- Informe da arquitecto municipal de 26 de marzo de 2012 para os efectos da emenda da documentación técnica presentada nun dobre sentido: comprensión de todo o ámbito da rúa Peirao e tramitación separada da solicitude á marxe do expediente de modificación puntual do PXOM vinculado á mesma.
- Requirimento de 29 de marzo de 2012, número rexistro de entrada 814.
- Con data 11 de xuño de 2012 ten entrada no concello, número 2980, escrito asinado polo arquitecto Ignacio Hermo Túñez polo que achega memoria xustificativa e documentación gráfica referente a "SOLICITUD DE REDUCCIÓ DE LA LÍNEA LÍMITE DE EDIFICACIÓN EN AL AP-9, A LA ALINEACIÓN EDIFICATORIA EXISTENTE EN LA ACTUALIDAD. Ámbito Rúa Peirao y Praza Peirao. San Salvador. POIO".
- Informe do asesor xurídico do concello de 12 de xuño de 2012.
- Informe da arquitecto municipal de 18 de xuño de 2012, no que se pon de manifesto que se terían emendado as deficiencias advertidas no seu previo informe de 26 de marzo de 2012.

Consideracións xurídicas

1. O obxecto do expediente tal e como indica o informe da arquitecto municipal de 26 de marzo de 2012, consideración técnica 1.:

"....

Preténdese facer coincidir a liña de edificación co aliñamento sinalado no plano de usos pormenorizados do solo urbano de San Salvador. Dita redución sitúa a liña a unha distancia aproximada de 23 m respecto da arista exterior da explanación da autoestrada, medida sobre o plano 1 documento técnico.

...".

2. Tal e como se describe no informe do asesor xurídico de 12 de marzo de 2012 tanto o art. 25 da Lei 9/1988, de 29 de xullo de Estradas como art. 85 do Real Decreto 1812/1994, de 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve, permiten que o órgano competente da Administración Xeral do Estado, neste caso, Ministerio de Fomento, poda rebaixar os límites xerais de distancias da liña

límite de edificación para as estradas estatais de conformidade co procedemento establecido no referido art. 85 da norma regulamentaria:

- Determinación provisional polo Ministerio de Fomento.

- Información pública durante trinta días hábiles mediante inserción de anuncio no BOE, outorgando durante dito prazo e un mes máis, audiencia á Comunidade Autónoma e ao Concello.

- Resolución do expediente polo Ministerio de Fomento.

Con carácter previo, o Pleno en canto afecta ao PXOM, arts. 22.1º e 47.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en base aos antecedentes que se achegan á memoria e á propia conformidade do PXOM, deberá pronunciarse sobre o interese público presente na solicitude de redución da liña límite de edificación no ámbito da rúa Peirao.”

Con data 19 de xuño de 2012 dito expediente ditaminouse favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aproba o expediente adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Solicitar do Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral de Estradas, que se reduza a liña límite ao fronte á AP9, á aliñación edificatoria existente na actualidade, tal e como se indica no expediente e planos confeccionados por ditos técnicos, previa tramitación do expediente a que se refire o artigo 85 do Regulamento da Lei Xeral de Estradas.

Segundo: Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites necesarios do expediente.

3698.- URBANISMO, APROBACIÓN DEFINITIVA PLAN PARCIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE FRAGAMOREIRA.- De conformidade co establecido no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sométese á votación a ratificación da inclusión do presente acordo na orde do día por non ser ditaminada previamente por Comisión informativa ningunha, a que queda aprobada polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

Pola Secretaria dáse conta á Corporación do expediente tramitado polo Departamento de Urbanismo e do acordo número 3673 adoptado en sesión realiza polo Pleno desta Corporación o 24 de abril de 2012 no que en virtude do disposto no artigo 92.1º do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o pleno polo voto favorable dos asistentes retirouse o expediente correspondente á aprobación definitiva do Plan Parcial do Parque Empresarial de Fragamoreira para os efectos de emendar as deficiencias advertidas en relación a ausencia do Anexo II ao Documento V Tramitación “Contestación individualizada de alegacións segunda exposición pública”.

Con data 24 de maio de 2012 número 2662 ten entrada no Rexistro Xeral escrito remitido por Xestur Pontevedra, SA no que en contestación ao requirimento efectuado polo Concello preséntase Anexo II: Alegacións á 2ª exposición pública do documento V: tramitación (volumes 3 de 3) xunto cos volumes 1 e 2 que completan o documento V. Así mesmo, trasladan o volume que comprende o documento I, II, III e IV , dentro do Doc. I: Memoria xustificativa que se incorporou para maior xustificación sobre as alturas permitidas no plan parcial (pax. 46,47 e 48). Acompañando igualmente copia en cd do documento completo, coa finalidade da súa aprobación definitiva.

Desta forma sometido a informe dos distintos técnicos e departamentos municipais, elévase novamente á consideración da Comisión Informativa de Urbanismo o 26 de xuño de 2012 e que din o que segue:

Informe emitido pola Arquitecto Municipal: “No seo do expediente do plan parcial do SUZI 1 de Fragamoreira e ao respecto da última documentación achegada ao expediente o 24/05/2012, previa á aprobación definitiva do plan, a técnico municipal emite o seguinte informe:

ANTECEDENTES

1. Consta o informe técnico de 25/04/2011 no que se indicaban unha serie de observacións ao documento do plan parcial que foron tratadas na reunión técnica mantida logo de remitir os informes técnicos e xurídicos municipais a Xestur mediante oficio de alcaldía de 07/06/2011.

2. Consta o informe técnico de 19/04/2012 no que se informaba sobre a última documentación achegada ao expediente (de data xaneiro de 2012) e as consideracións técnicas a ter en conta na aprobación definitiva do plan parcial, algunhas delas coincidentes co xa informado en abril de 2011.

3.- Logo da notificación de 27/04/2012 Xestur remite os seguintes documentos:

- ◆ "Anexo II: alegacións á 2ª exposición pública" do Documento V de tramitación (volume 3 de 3) xunto cos volumes 1 e 2 que completan o Documento V
- ◆ Documentos I,II, III e IV (volume 1 de 1) en cuxo Documento I incluíuse unha xustificación das alturas permitidas no plan parcial (páxs. 46, 47 e 48).
- ◆ Copia dixital do documento completo do plan parcial para aprobación definitiva

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1.- Ao respecto da altura das edificacións, no apartado 5.4.d) do documento 1, Memoria, introdúcese unha xustificación ao respecto das alturas establecidas nas ordenanzas do plan parcial (superiores a 7m) tal e como indicaban as condicións particulares da ficha do SUZI 1 da Normativa do PXOM que establece que "a altura será 7m e no caso de que os procesos industriais requiran maior altura deberá de xustificarse adecuadamente".

A xustificación retírese a edificacións destinadas a usos industriais ou mixtos (terciario-industrial) e loxísticos. A xustificación baséase en criterios funcionais (para almacenamento ou produción), criterios de deseño (gálibo ou luz libre) e criterios de harmonía no conxunto das edificacións do polígono (baseadas na tendencia actual das condicións de ordenación dos novos polígonos industriais de nova execución e tendo en conta a "*Guía de recomendacións técnicas para o proxecto integral de parques empresariais en Galicia*", realizada polo IGVS no ano 2009.

Dita xustificación responde a criterios xerais polo que unha vez estea vixente a normativa do plan parcial, nos correspondentes proxectos de edificación deberá de xustificarse particularmente a necesidade dunha altura total superior aos 7m establecidos na ficha do SUZI 1.

No caso do uso de oficinas, non se xustifica a necesidade de elevar a altura total 5m por enriba da de cornixa (ata 12m) nin se especifica o uso do espazo resultante e segue sen introducirse modificacións ao respecto das entreplantas no apartado artigo 40 do Documento 1, Memoria (definición, cómputo na edificabilidade, usos permitidos, etc).

2,- Non se introducen nos documentos outras xustificacións ao respecto das demais consideracións técnicas indicadas nos informes técnicos de 25/04/2011 e 19/04/2012.

3,- Logo de examinar os Documentos I, de memoria xustificativa, II de Ordenanzas reguladoras, III de plan de etapas e IV de avaliación económica, resulta que non se introduciron outras modificacións no texto dos documentos ademais da introducida no apartado 5.4.d) do Documento I de Memoria Xustificativa, polo que se reiteran as consideracións técnicas observadas nos informes técnicos de 25/04/2011 e 19/04/2012.

4,- Ao respecto do Anexo II: alegacións á 2ª exposición pública" do Documento V de tramitación (volume 3 de 3) xunto cos volumes 1 e 2 que completan o Documento V, estarase ao que informe a Secretaría Xeral. ”

Informe emitido pola Técnica da Unidade de Aperturas do Concello: “UNIDADE: APERTURA de Establecementos e instalación de Actividades

Asunto: APROBACIÓN DEFINITIVA PARQUE EMPRESARIAL SUZI 1 PLAN PARCIAL

Situación: Fragamoreira. San Xoan

Promotor: CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO.

Xestión: XESTUR PONTEVEDRA

INFORME

A.- ANTECEDENTES

.-Consta informe de data 03/05/2011 no que se indicaban unha serie de observacións ao documento do plan parcial inicial dende unha perspectiva dos usos e actividades a instalar no polígono ,observacións ,das que Xestur tivo coñecemento. Remitindo documento refundido para a súa aprobación definitiva.

2.-Consta informe de data 19-4-2012 ,respecto da ultima documentación remitida (xaneiro 2012),na que se informaba respecto da adecuación do novo documento ,con respecto as consideracións realizadas por esta técnica no informe de data 03/05/2011 ao plan parcial do SUZI 1 de Fragamoreira ,algunha das cales se incorporaron ao documento

3.-Documentación remitida con data 24-5-2012 Documentos I II III IV anexo II do V:

B.-Cambios na nova documentación ,con respecto as consideracións realizadas por esta técnica en informes referenciados nos antecedentes , non se recollen cambios. Se xustifica de forma xeral unha altura superior a 7mt. (ficha SUZI 1 PXOM) na Ordenanza 1ª (O-1Terciario-Industrial, no que o uso principal é mixto , comercial-industrial. Non obstante e como xa se indicou no informe anterior poderán incorporarse cambios, na modificación de usos do PXOM, no proxecto de urbanización do polígono, ou en Ordenanzas reguladoras.”

Informe emitido o día 18/06/2012 pola Secretaria Xeral: “ *Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal, secretaria do Concello de Poio, de conformidade co establecido no art. 3 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, emito o seguinte*

INFORME

Antecedentes de feito máis destacados.

- Informe de secretaria de 23 de abril de 2012.
- Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo de 24 de abril de 2012.
- Acordo plenario adoptado en sesión ordianria realizada o 24 de abril de 2012 polo que se retira o asunto da orde do día para os efectos da incorporación ao expediente das deficiencias documentais advertidas en relación, entre outros, ás alegacións presentadas e informe do equipo redactor no segundo trámite de información pública desenvolvido para os efcetos da súa estimación, desestimación ou estimación parcial.

- Con data 24 de maio de 2012 ten entrada no rexistro, número 2662, comunicación do Xerente

de Xestur Pontevedra, S.A., polo que se traslada ao concello "...documento "Anexo II: alegaciones a la 2ª exposición pública" del documento V: Tramitación (volumen 3 de 3), junto con los volúmenes 1 y 2 que completan el Documento V para su completa comprensión. Así mismo le trasladamos el volumen que comprende el Doc I, II, III y IV, en donde, dentro del Doc.I: Memoria Justificativa se ha incorporado mayor justificación sobre las alturas permitidas en el plan parcial (págs. 46, 47 y 48). Se acompaña finalmente copia en cd del documento completo para aprobación definitiva y que ya recoge la documentación anteriormente citada, en espedra de que con todo ello pueda aprobarse definitivamente el Plan Parcial de Fragamoreira".

- Informe da arquitecta municipal de 7 de xuño de 2012.
- Informe da técnico de aperturas de 13 de xuño de 2013.
- Verificada a documentación incorporada ao expediente con data 24 de maio de 2012, cando menos en formato papel, elabórase Anexo de incidencias pola auxiliar administrativo de Secretaría, Cristina Conca Pereira que se achega ao presente informe.

Consideracións xurídicas.

1. No apartado 3 do informe de secretaria de 23 de abril de 2012 indicábase:

"...

3. Cumprimento das disposicións comúns aos plans de desenvolvemento. Cualificación urbanística.

Estándares urbanísticos.

Verificación obxecto de informes técnicos previos obrantes no expediente, de forma específica, o informe da arquitecto municipal de 25 de abril de 2011 no que se poñían de manifesto en orde ao sinalado no art. 62 LOUGA unha serie de deficiencias relativas a alteración do parcelario previsto no plan parcial por medio de estudo de detalle; alturas ou previsións de aparcamentos esixibles para o uso comercial de categoría 1 e oficina en edificio exclusivo definido na normativa do plan xeral.

Xunto coa contradición que supón do principio de xerarquía normativa ou do grado de cumprimento de normas ou plans de carácter superior, obxecto de posterior estudo, é posteriormente analizado pola propia funcionaria no seu informe de 19 de abril de 2012 a cuxas consideracións remítome.

Da mesma forma, os informes de 3 de maio de 2011 e 19 de abril de 2012 da técnica da unidade de apertura de establecementos e instalación de actividades.

..."

De forma específica a comunicación descrita nos antecedentes de feito indicaba que "...entro del Doc.I: Memoria Justificativa se ha incorporado mayor justificación sobre las alturas permitidas en el plan parcial (págs. 46, 47 y 48)..."

No informe da arquitecto municipal de 7 de xuño de 2012 analízase a modificación introducida e indicase: "...Dita xustificación responde a criterios xerais polo que unha vez estea vixente a normativa do plan parcial, nos correspondentes proxectos de edificación deberá de xustificarse particularmente a necesidade dunha altura total superior aos 7m establecidos na ficha do SUZI 1.

No caso do uso de oficinas, non se xustifica a necesidade de elevar a altura total 5m por enriba da cornixa (ata 12 m) nin se especifica o uso do espazo resultante e segue sen introducirse modificacións no respecto das entreplantas no apartado artigo 40 do Documento I, Memoria (definición, cómputo na edificabilidade, usos permitidos etc).

2. Non se introducen nos documentos outras xustificacións ao respecto das demais consideracións técnicas indicadas nos informes técnicos de 25/04/2012 e 19/04/2012".

No mesmo sentido pronúnciase a técnico da unidade de aperturas en informe de 13 de xuño de 2012.

E respecto doutras posibles modificacións, na consideración técnica 3 do mesmo informe e salvo o xa analizado e o informe referente ás alegacións presentadas e informadas da segunda fase de información pública, non se produce alteración ningunha.

As incidencias así detectadas nos informes técnicos, afectaban a xuízo desta secretaría na fiscalización da adaptación do contido do PP a outras normas e plans urbanísticos que rango superior como á motivación e coherencia interna do documento. Polo que coa excepción introducida para a Ordenanza 1, uso mixto terciario-industrial, manténdose o mesmo contido, seguen a manter igualmente a súa vixencia as condideracións realizadas no informe de secretaría de 24 de abril de 2012.

2. Alegacións presentadas na segunda fase de información pública desenvolvida.

Xunto con outro tipo de erros de feito na identificación dos alegantes, non obraba entre a documentación presentada descripción das alegacións formalizadas durante a segunda fase de información pública levada a cabo nin informe sobre as mesmas do equipo redactor.

Non se incorpora tal e como se destacaba no informe de 23 de abril de 2012, informe ningún do equipo redactor sobre o alcance que a estimación destas alegacións (de forma común coas primeiras) tivo no documento. Da mesma forma, tal e como se describe nos antecedentes de feito, examinado o Documento V tramitación obsérvase a existencia dunha serie de discrepancias respecto da elevada a consideración plenaria no mes de abril de 2012 que se unen como anexo ao presente informe e que deberán ser emendadas con carácter previo á súa inclusión na orde do día da vindeira sesión plenaria."

Informe emitido o día 22 de xuño de 2012 pola Secretaria Xeral do Concello: "Asunto: Plan Parcial do Parque Empresarial de A Fragamoreira. Nova documentación presentada para aprobación definitiva.

Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal, secretaria do Concello de Poio, de conformidade co establecido no art. 3 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, emito o seguinte

INFORME

Antecedentes de feito máis destacados.

- Informe de secretaría de 18 de xuño de 2012.
- Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo de 19 de xuño de 2012.
- Requerimento practicado a Xestur Pontevedra, S.L., para os efectos de dar cumprimento ao ditame da devandita Comisión Informativa a partir das consideracións realizadas por esta secretaría.

– A funcionaria que subscribe o presente informe mantén con data mércores 27 de xuño conversa telefónica con alfonso Botana do equipo redactor EPTISA a través da cal se lle transmite que as alegacións informadas na documentación presentada con data 24 de maio de 2012 refírense ás recollidas nas certificacións de secretaría sobre as rexistradas en tempo e forma dentro dos periodos de información pública desenvolvidas. A diferenza existente coas incluídas na documentación elevada a consideración plenaria no mes de abril, oscilaría en que en tal documentación se terían tido en conta as extemporáneas nas que se evidenciarían cuestións a ter en conta polo equipo redactor pese a estar presentadas antes da paerura de tal periodo ou cando xa tiña rematado.

– Realízanse labores de comprobación a partir das certificacións obrantes no expediente de data 3 de agosto de 2007 e 17 de setembro de 2008, das que se desprende a existencia de indentidade entre as 150 alegacións presentadas no primeiro periodo de información ao público e as contempladas na documentación presentada con data 24 de maio de 2012. Máis tanto as dúas alegacións con número rexistro de entrada 3062 e 3089 presentadas o 5 e 6 de xuño de 2007 antes da apertura do primeiro periodo de información pública como as que se corresponden co número rexistro de entrada 3883; 3884; 3911; 3912; 3945; 4044; 4083 e 4101 no periodo comprendido entre o 12 de xullo ao 27 de xullo de 2007, unha vez rematado o prazo de información pública, foron obxecto de informe no Documento V: Tramitación, ANEXO 1: Alegacións á 1ª exposición pública, Volume 2 de 3. A diferenza coa primeira fase de información pública, cando menos 7 das alegacións presentadas fóra de prazo no segundo periodo de información pública, non terían sido obxecto de informe no documento presentado no mes de maio.

Consideracións xurídicas.

1. Verificado que as alegacións presentadas dentro dos periodos de información ao público teñen sido obxecto do correspondente informe, cabe realizar respecto das alegacións extemporáneas as seguintes consideracións:

– En sentido estricto, os prazos deben de cumprirse de conformidade coas regras de cómputo previstas no artigo 48 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, aplicable tanto as presentadas en rexistro antes da apertura do prazo como con posterioridade.

– Segundo o principio antiformalista que rexe en materia de procedemento administrativo común a tenor da devandita Lei 30/1992, de 26 de novembro, deberían ser examinadas polo equipo redactor.

Tal e como se describe nos antecedentes de feito, o equipo redactor procede ao seu informe, debendo ser incorporado da documentación presentada no mes de abril, a salvo en sete das alegacións descoñecendo esta funcionaria, os criterios que sexan tidos en conta para facer tal distinción.”.

O alcalde pregunta á secretaría en relación as alegacións presentadas cáles foron por tanto obxecto de informe polo equipo redactor.

A secretaría remítese ao contido do seu informe de 22 de xuño de 2012, polo que en razón do mesmo pon de manifesto e o novo tomo Documento V, Tramitación, Anexo 1: Alegacións á 1ª exposición pública e anexo 2: Alegacións á segunda fase de exposición pública, recolle de forma expresa os informes estimando ou desestimando as alegacións presentadas dentro dos prazos de información pública sendo calificadas as estantes como extemporáneas polo devandito equipo.

O alcalde pregunta de novo sobre se non se lle vai a dar traslado do acordo aos propietarios que presentaron alegacións fóra de prazo.

A secretaria resposta que tratándose de plan tramitado a iniciativa particular, neste caso, XESTUR PONTEVEDRA, S.A., se lles notificará de forma individualizada o acordo que se adopte xunto coa comunicación que se efectúe aos propietarios indicándolles o réxime de recursos a interpoñer, por non caber en vía administrativa por tratase de disposición administrativa de carácter xeral, debendo acudir á xurisdicción contenciosa administrativa no prazo de dous meses a contar dende a publicación do acordo de aprobación e da normativa.

Rematadas as intervencións, o Pleno en votación ordinaria, ó abeiro do establecido no art. 86 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, 22 e 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, por dezaseis votos a favor sendo dezasete o número legal de membros, ACORDOU:

Primeiro.- Estimar ou desestimar, no seu caso, cada unha das alegacións presentadas, tanto durante a primeira información pública, como durante a segunda información pública, de conformidade coas propostas individualizadas que se conteñen nos Anexos I e II ó Documento V: Tramitación, presentados no concello con data 24 de maio de 2012.

Segundo.- Aprobar definitivamente o Plan Parcial do Parque Empresarial de Poio (Pontevedra).

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao promotor do Plan Parcial.

Cuarto.- De conformidade cos artigos 70.2º da Lei 7/1985, e no artigo 92 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, remitir o presente acordo á Administración Xeral do Estado e á Comunidade Autónoma, procedendo igualmente á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia coa normativa e as ordenanzas do Plan Parcial.

Quinto.- Comunicar este acordo a tódolos propietarios incluídos no Plan Parcial, así como a tódolos organismos sectoriais que interviñeron na tramitación do mesmo para o seu coñecemento.

3699.- CONCELLERÍA DE DEPORTES, PROPOSTA MODIFICACIÓN ANEXO SUBVENCIONS NOMINATIVAS- Previa de urxencia polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta do expediente iniciado mediante escrito da Concelleira de Deportes que propón ao Pleno municipal que adopte o seguinte acordo respecto ao anexo de subvencións do orzamento prorrogado:

1.- Eliminar do anexo de subvencións as seguintes axudas económicas:

| Partida | Beneficiario | Concepto | Importe |
|-----------|-----------------------------|-------------------------------|------------|
| 48900S341 | A. Rosa dos Ventos Motoclub | Concentración motos en Poio | 4.000,00 € |
| 48900s341 | Club Mar Bueu | Gastos Escola Remo en Campelo | 4.000,00 € |

2.- Minorar o importe da seguintes subvencións, tal e como se indica a continuación:

| Partida | Beneficiario | Concepto | Importe Minoración | Importe subvención |
|-----------|---------------------------------|---|--------------------|--------------------|
| 48900S341 | Federación Galega de Piragüismo | Celebración Trofeo Príncipe de Asturias | -200,00 € | 100,00 € |

| | | | | |
|-----------|-----------------------|-----------------|-----------|----------|
| 48900S341 | Clube Mariño A Reiboa | Bautismo de mar | -100,00 € | 500,00 € |
|-----------|-----------------------|-----------------|-----------|----------|

3.- Incrementar o importe das seguintes subvencións, tal e como se indica:

| Partida | Beneficiario | Concepto | Importe Incremento | Importe subvención |
|-----------|----------------|-----------------------|--------------------|--------------------|
| 48900S341 | S. D. Combarro | Subvención | 100,00 € | 700,00 € |
| 48900S341 | S. D. Campelo | Subvención | 100,00 € | 700,00 € |
| 48900S341 | Club Saraiba | Sub. Ximnasia rítmica | 100,00 € | 800,00 € |

4.- Incluír as seguintes axudas económicas no anexo de subvencións:

| Partida | Beneficiario | Concepto | Importe |
|-----------|----------------------------|------------|------------|
| 48900S341 | Poio Fútbol Sala | Subvención | 5.000,00 € |
| 48900S341 | Club Ciclista Monte Abaixo | Subvención | 3.000,00 € |

5.- Cambiar a finalidade da subvención nominativa de Sonia Álvarez Alonso para a “asistencia a xogos de policía e bombeiros”, anteriormente destinada para a asistencia a xogos mundiais en New York.

As modificacións propostas non supoñen un maior gasto do que xa estaba previsto no anexo de subvencións.”

Consta no expediente informe emitido pola Intervención Municipal de data 26 de xuño de 2012.

Toma a palabra D. Ángel Moldes e pregunta cál é a razón de traer por urxencia a devandita proposta.

A concelleira delegada de deportes resposta que é para non demorar os trámites a desenvolver por canto a necesidade de efectuar ditos cambios xa era coñecido polos membros da corporación a través de comisión informativa.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros acordou:

Primeiro: Aprobar inicialmente a proposta na Concelleira Delegada de Deportes nos seus propios termos.

Segundo: Someter o expediente á información pública mediante anuncio que se publicará no boletín oficial da provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno e de non formularse alegación ou reclamación ningunha no devandito prazo entenderase aprobada definitivamente.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3700.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E PSOE, A PROL DOS DEREITOS DAS PERSOAS LESBIANAS, GAIS, BISEXUAIS E TRANSEXUAIS.- Previa declaración de urxencia por 10 votos a favor (8 BNG 2 PSOE), ningún voto en contra e 5 abstencións do PP de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta ao membros da corporación

pola Secretaria da sesión da moción conxunta asinada por Consuelo Besada Lores e Silvia Díaz Iglesias, en calidade de voceiras do Grupo Municipal Socialista e do BNG respectivamente, na que tras unha exposición de motivos remata solicitando a adopción dos seguintes acordos: “ 1. Instamos do Goberno da Xunta de Galiza que garanta o dereito á protección da saúde das persoas transexuais, incluíndo o tratamento clínico integral de reasignación de sexo no catálogo de prestacións sanitarias do Servizo Galego de Saúde; 2. Instamos ao Goberno da Xunta a promover un ensino laico e de calidade que facilite un contorno seguro no que os fillos e fillas de parellas homoparentais poidan vivir abertamente a súa realidade familiar, incidindo no respecto a diversidade desde a ensinanza pública; 3. Manifestamos o compromiso do noso Concello a contribuír á integración e á normalización da comunidade LGBT, para garantir o dereito de todas as persoas a ser tratadas con respecto independentemente da súa orientación ou identidade sexual.”

Tras unha breve explicación pola Concelleira Silvia Diaz do contido da moción e sometida a votación esta queda aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 5 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar do Goberno da Xunta de Galiza que garanta o dereito á protección da saúde das persoas transexuais, incluíndo o tratamento clínico integral de reasignación de sexo no catálogo de prestacións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

Segundo.- Instar ao Goberno da Xunta a promover un ensino laico e de calidade que facilite un contorno seguro no que os fillos e fillas de parellas homoparentais poidan vivir abertamente a súa realidade familiar, incidindo no respecto a diversidade desde a ensinanza pública.

Terceiro.- Manifestar o compromiso do noso Concello a contribuír á integración e á normalización da comunidade LGBT, para garantir o dereito de todas as persoas a ser tratadas con respecto independentemente da súa orientación ou identidade sexual.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS. - Non se producen

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e cinco minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, secretaria, dou fe.